

**MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e un de febreiro dous mil dezaoto, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

**12/92 DERRADEIRA PRÓRROGA CORRESPONDENTE Á CONTRATACIÓN DA EMULSIÓN BITUMINOSA PARA O MANTEMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS MEDIANTE ACORDO MARCO. EXPDTE. REF. 38-2015.-**

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 29 de xaneiro de 2018, que, na súa parte expositiva, fai constar:

“Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Contrato administrativo **CORRESPONDENTE Á CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN BITUMINOSA PARA O MANTEMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDIMENTO ABERTO**, asinado entre o Concello de Lugo e a mercantil: REPSOL YPF LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES, S.A., o **04-03-2016**, por un prezo estimado do contrato para a primeira anualidade ascende á cantidade de 42.773,50 euros, IVE incluído, resultante de multiplicar o prezo unitario ofertado polas toneladas anuais estimadas para subministrar: 175 t, non obstante será o que resulte das toneladas realmente subministradas polo prezo ofertado, consistente nun prezo unitario de 202 euros, mais 42,42 euros, en concepto de IVE (21%), sendo o prezo unitario total de **244,42 euros/t**; e cun prazo de duración de **1 ANO** (transcríbese a cláusula do contrato relativa á duración):

**“TERCEIRA. DURACIÓN DO ACORDO MARCO**

*O acordo marco terá unha vixencia de UN ANO dende a data de formalización podendo prorrogarse por períodos máximos anuais máis por acordo expreso do órgano de contratación ata un máximo de TRES ANOS incluídas as prórrogas”.*

2.- Solicitud de prórroga presentada pola empresa REPSOL YPF LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES, S.A., con data do 4 de decembro de 2017, xunto coas certificacións positivas en vigor da AEAT e da Seguridade Social.

3.- Informe emitido polo responsable do contrato, con data do 13 de decembro de 2017, favorable á prórroga solicitada.

4. - Informe de Tesourería do 4 de xaneiro de 2018 de non existencia de débedas tributarias municipais.

5.- Certificación de existencia de crédito na aplicación 45910.21000 do orzamento municipal de 2018 (RC 3530).

O expediente de prórroga foi solicitado pola empresa contratista e é informado favorablemente polo responsable do contrato antes da finalización do prazo de duración polo que se evidencia a vontade de continuar coa prestación do servizo



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 18x080120092

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-2-2018

nos termos pactados no contrato, e deberase adoptar o acordo de prórroga antes do vencemento do contrato.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local no apartado 3 da disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo número 3/2011, do 14 de novembro.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm.a Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.ª MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.ª ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato administrativo subscrito por este Concello e a mercantil: REPSOL YPF LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES, S.A., co NIF: A-28.201.523, adxudicataria da **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN BITUMINOSA PARA O MANTENIMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDIMENTO ABERTO**, dende o 03-03-2018 ata o 02-03-2019, con base nos informes técnicos e xurídicos anteriormente mencionados e que se dan por transcritos para os efectos da súa fundamentación, con estrita suxeición ao prego de condicións técnicas e económico-administrativas particulares aprobados pola Administración municipal, contrato subscrito e demais documentos contractuais.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 35.600 euros para facer fronte á derradeira prórroga e durante o exercicio 2018 con cargo á aplicación 45910.21000 do orzamento municipal vixente (RC 3530), comprometéndose a habilitar crédito suficiente e adecuado para o exercicio 2019.

TERCEIRO.- Darlles traslado deste acordo, o cal pon fin á vía administrativa, ás partes interesadas así como ás dependencias municipais afectadas, coa indicación de que contra el caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común ante a Xunta de Goberno Local no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**

